

PLAN DE IGUALDADE

SUMARIO

1.- Introducción

2.- Contextualización normativa e do centro

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

3.1.- Representación de profesorado e persoal non docente nos distintos órganos de decisión.

3.2.-Matrícula nos distintos niveis.

3.3.- Resultados académicos obtidos.

3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.

3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.

3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).

3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias.

4. Obxectivos coeducativos.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.

5.1. Organización do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6. Seguimento e avaliación.

7. Documentación e memoria de actividades para o desenvolvemento da igualdade no IES de Ortigueira.

1.- Introducción

Seguindo a INSTRUCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA elaboramos o presente Plan de Igualdade.

En primeiro lugar faise necesario analizar a situación da que partimos. Ata a data de elaboración deste documento, o IES de Ortigueira incluía na súa programación xeral anual un conxunto de obxectivos coeducativos cos que trataba de cumprir co disposto na **Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes**, e que transcribimos a continuación:

- *A realización de accións contínuas para o desenvolvemento dos elementos transversais, traballando a igualdade real entre mulleres e homes, con especial atención á prevención da violencia de xénero.*
- *A erradicación dos prexuízos de xénero.*
- *A mellora da participación das rapazas na actividade deportiva extraescolar e nos períodos de lecer, onde continúa a observarse desigualdade neste terreo, malia aos esforzos xa realizados.*
- *O fomento das vocacións femininas para os ciclos formativos e ensino universitario que preparan para profesións consideradas masculinas pola tradición, e viceversa.*
- *A coordinación da nosa acción coa que realizan outras entidades, así como administración local e galega, con especial atención á continuidade da colaboración cos servizos sociais do Concello de Ortigueira e o seu Centro de información á muller.*

A realidade da sociedade na que vivimos obriga ás administracións públicas, e neste caso á administración galega, a continuar cun traballo sistemático para acadar a igualdade real, pois os avances acadados ata a data de hoxe, non foron para nada suficientes para corrixir a desigualdade que aínda persiste en maior ou menor medida nos diferentes territorios rurais e urbanos de Galicia.

Ata o momento non estaba designada unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar do centro, realizando estas funcións o equipo directivo. Para cumprir coa nova disposición, a maiores dese traballo colectivo, é necesario proceder ao nomeamento desa persoa na vindeira reunión deste órgano colexiado.

Os protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero están a disposición do centro no plan de convivencia, e aínda que a comunidade educativa podía coñecer estes procedementos coas necesarias actividades específicas que se programan para os diferentes sectores, os centros debemos mellorar as estratexias para poñer este traballo na primeira liña.

E así, o IES de Ortigueira terá en conta o protocolo de identidade de xénero establecido pola Xunta en Educonvives, coas recomendacións que poida realizar o Departamento de orientación. Ademais, en colaboración cos servizos sociais do Concello de Ortigueira elaborouse unha guía, na que se concretaron os contidos dunha educación afectiva-sexual integral para o alumnado.

No que ten que ver coa promoción da orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero realizamos actividades orientadas ao profesorado e ás familias tratando de aproveitar e visibilizar a presenza de mulleres na nosa oferta educativa de FP, por ser unha familia profesional que na tradición estaba orientada socialmente para o sexo masculino.

No plan xeral anual concretáronse as actividades a realizar o 25 de novembro, o 8 de marzo e as das datas próximas ás celebracións internacionais LGTBI, de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Igualmente, o Proxecto educativo do centro, e as actualizacións do mesmo que se realicen no futuro, deberán dar protagonismo aos obxectivos coeducativos ata que a sociedade acade a igualdade real.

No centro impártese a **materia de libre configuración “Igualdade de xénero”** que, constitúe un avance importante, e que ten unha boa aceptación entre o alumnado.

A máis de todo o anterior, temos realizado numerosas actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos como a promoción da igualdade entre mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero, a educación afectivo-sexual, a prevención do abuso sexual infantil e a prevención da LGTBIfobia.

O IES de Ortigueira está representado no Protocolo municipal de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, no que están tamén presentes: a Subdelegación do goberno, a Concellería de igualdade, representación da avogacía,

representación da xudicatura, representación da sanidade, Policía local, Garda Civil, Servizos sociais, CIM e representante do CEIP José María Lage.

No que atinxe á formación do profesorado, esta vén determinada pola maior ou menor preocupación individual por adquirir coñecemento, pois non houbo ata o de agora un Plan de formación permanente no que se traballaran de xeito expreso actividades relacionadas coa igualdade e a perspectiva de xénero.

Fixéronse no curso 2015-2016 un conxunto de actividades, dentro da liña de traballo "Plan Proxecta. 365 días de respecto e igualdade", no que se tratou de implicar a toda a comunidade educativa.

Para finalizar, nesta LIGAZÓN á páxina web figura unha relación máis concreta do traballo que levamos feito nestes últimos anos, ata o curso actual 2019-2020, no que procedemos a elaborar o presente plan.

2.- Contextualización normativa e do centro.

Analizamos aquí a normativa do centro para detectar os problemas que poida haber respecto ao traballo da igualdade:

- No Plan de convivencia aprobado en decembro de 2019 figuran obxectivos coeducativos (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGTBIfobia).

- No Plan de acción tutorial veñen tamén reflectidas accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGTBIfobia.

- Nas Normas de organización e funcionamento préstase especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

- No Proxecto educativo de centro, que será renovado este ano, detéctanse redaccións que na actualidade poden considerarse obsoletas, no que atinxe á linguaxe inclusiva e ao protagonismo necesario que a coeducación foi acadando nestes últimos anos.

- Obsérvase a necesidade de chegar a acordos entre os diferentes departamentos do centro para acadar un traballo conxunto e unha posta en común na linguaxe dos documentos que elaboran os órganos colexiados, e nas programacións didácticas, sen prexuízo da autonomía pedagóxica do profesorado e dos departamentos.

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

Os datos aportados polo Centro de Información á muller e os Servizos sociais do Concello de Ortigueira indican que existe un problema real de violencia de xénero en Ortigueira, importante aínda que non maior estatisticamente que noutros concellos.

Tamén están a darse situacións de LGTBI fobia e conclúese que algúns casos poden ser debidos a estarmos apartados de espazos máis urbanos nos que a situación tende a cambiar a maior velocidade. En todo caso podemos constatar que entre o alumnado a situación ten mellorado de xeito significativo nestes últimos 10 anos. Entendemos que isto é consecuencia do avance xeral na sociedade galega e española, mais tamén do traballo específico realizado no centro.

3.1.- Representación de profesorado e persoal non docente nos distintos órganos de decisión.

A representación de mulleres e homes nos diferentes órganos de decisión non amosa desigualdades significativas. Deberase velar por manter estes equilibrios no futuro, naquela parte que poida depender directamente de decisións dos diferentes órganos do centro, unipersoais ou colexiados.

3.2.-Matrícula nos distintos niveis.

No ensino obrigatorio hai equilibrio, por ser este o único centro de ESO da contorna. No ensino postobrigatorio dase equilibrio no bacharelato, e un certo desequilibrio na FP, como consecuencia de termos dous ciclos formativos de tradición masculina, como son os da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza.

Cómpre subliñar que a circunstancia de ser estes ciclos a única oferta actual de FP en Ortigueira facilitou o intento de avanzar na presenza de mulleres nesta profesión. Para acadar ese fin, a maiores do traballo realizado nas empresas cos convenios de formación

en centro de traballo (FCT), desde o centro tratamos de visibilizar o papel da muller na Carpintaría, aproveitando a participación das nosas alumnas en concursos como "Galicia Skills" ou en calquera nota de prensa relacionada coa profesión.

3.3.- Resultados académicos obtidos

Non se observan diferenzas significativas no que ten que ver cos resultados académicos ou co abandono escolar temperán. Isto pode ser debido a que a día de hoxe non se dá a influencia atraínte de ningún sector produtivo de tradición masculina ou feminina, como puido ter acontecido co sector do mar nos primeiros anos do instituto, nos que as condicións económicas do traballo actuaban como causa de moitos abandonos por parte de rapaces das vilas máis mariñeiras.

3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.

Neste apartado entendemos que non hai diferenzas significativas.

3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.

Tampoco observamos diferenzas significativas neste apartado.

3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)

Agás circunstancias propias da etapa da adolescencia e dos diferentes ritmos de maduración que se teñen rexistrado na ESO non se observan diferenzas significativas por sexo no que ten que ver coa conflitividade escolar.

3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias

No emprego de espazos escolares e extraescolares podemos constatar unha grande diferenza, pola escasísima práctica deportiva de mulleres nos periodos de lecer. Entendemos que este é un dos apartados nos que debe incidir este plan de igualdade no noso centro, analizando as causas e tratando de aportar solucións.

4. Obxectivos coeducativos

Os obxectivos deste plan agrúpanse nestes catro ámbitos:

- 4.1. A promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- 4.2. A prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
- 4.3. A promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
- 4.4. A prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro:

- Desde o centro deberase continuar a favorecer a equidade na representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación.

- A persoa que ostente a dirección do centro deberá nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso deste Plan de igualdade e para a concreción de medidas nas programacións xerais anuais.

- A difusión do plan entre os distintos axentes da comunidade realizarase por varios medios, e entre eles, o aproveitamento das ferramentas TIC, de acceso case xeralizado entre o alumnado e as súas nais, pais ou responsábeis. Dese xeito promoverase a formación de toda a comunidade, con actividades presenciais dirixidas aos diferentes sectores que a compoñen e coa creación de espazos de formación na páxina web.

- O equipo directivo e o profesorado tratarán de empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, que poida ser exemplo para o alumnado e a sociedade. Para acadar este fin deberanse establecer consensos na elaboración dos documentos oficiais, respectando a autonomía dos diferentes departamentos didácticos.

- Promoveranse tamén pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico xa existente con perspectiva de xénero.

- Continuarase a ofertar a materia específica de igualdade de xénero e velarase por que a perspectiva de xénero estea presente no resto de materias.

Na programación xeral anual:

- Continuarase a colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas, coordinando as actuacións coas programadas anualmente polos servizos sociais do Concello de Ortigueira.

- Concretaranse as actividades coeducativas nas datas marcadas polo calendario escolar.

- Concretarase o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.

- Concretarase o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos diferentes itinerarios da ESO, ás modalidades de bacharelato e aos ciclos de formación profesional. O plan de acción tutorial e a formación en igualdade do profesorado en xeral e das persoas titoras será fundamental para acadar este obxectivo no futuro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisión das programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, e para completar a historia da humanidade.

- Revisión do material didáctico empregado na aula: valores, normas, representacións, e selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe e da proposta de actividades.

- Realización de actividades de sensibilización na aula, desde todos os departamentos e co papel fundamental das actividades de tutoría.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difusión de información nos espazos físicos do centro e na páxina web.
- Promoción de lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisión da idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro, e contextualización histórica, de ser o caso, no que ten que ver coa igualdade.
- Revisión da idoneidade das entidades colaboradoras co centro no que ten que ver co respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Emprego de contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestión das actividades e da ocupación dos espazos de lecer para favorecer a inclusión e a igualdade.
- Promoción da cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Prevención da discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Prevención do acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas nas empresas, como parte da prevención de riscos laborais.
- Promoción da participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promoción do respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promoción de actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promoción do respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promoción de metodoloxías activas participativas e cooperativas.

- Promoción da corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promoción de actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación

O funcionamento do plan será avaliado mediante a observación directa no centro e na contorna por parte de toda a comunidade educativa. Teranse en conta os resultados das análises externas propiciadas pola administración educativa ou municipal, e as conclusións do centro derivadas do estudo e debate entre os diferentes sectores.

O lugar de posta en común das conclusións será o Consello Escolar. Na memoria anual de centro reflectiranse estas conclusións co obxecto de poder tomar as medidas necesarias nos seguintes cursos.

7. Documentación e memoria de actividades para o desenvolvemento da igualdade no IES de Ortigueira.

Na páxina web do centro tratarase de manter actualizada a documentación para o coñecemento do traballo xa realizado, para o traballo na aula e para a formación de toda a comunidade educativa. A dirección do centro, e por delegación, a persoa responsable en materia de igualdade, designada polo Consello escolar, deberán desenvolver esta función.

Na mencionada páxina as ubicacións concretas da información serán:

O apartado "Escola de nais, pais ou responsábeis".

O apartado "Formación do profesorado".